



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Prácticas Externas (Prácticum)	Código	710G02052	
Titulación	Grao en Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	ComputaciónHumanidades			
Coordinación	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Profesorado	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A realización de prácticas externas permite o contacto do alumnado co ámbito laboral, coñecendo a realidade das unidades de información, os seus profesionais e usuarios.</p> <p>-Para a súa realización, tal como figura na Memoria do Grao de Información e Documentación, o estudante debe aprobar 180 ECTS.</p> <p>-O marco legislativo do Practicum recóllese no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. Neste documento defínense os deberes e dereitos do estudante, do titor de prácticas, así como os mecanismos de avaliación e seguimento.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo.
A2	Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.
A3	Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e autentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos.
A4	Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
A5	Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información.
A6	Coñecemento da realidade nacional e internacional en materia de políticas e servizos de información e das industrias da cultura
A7	Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación
A8	Habilidades na obtención, tratamento e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xera, e adoitan encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algún aspecto que implica coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado como non especializado



B5	Que os estudantes desenvolverán aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender os estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información
B7	Capacidade da xestión da información relevante
B8	Capacidade de uso e adaptación de diversas técnicas de comunicación oral e escrita cos usuarios da información
B9	Habilidades no uso de software xenérico
C1	Expresarse correctamente tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C3	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solución baseadas no coñecemento e orientadas cara o ben común
C4	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C5	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas a os que deben de enfrontarse
C6	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C7	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C8	Aprender a aprender
C9	Resolver problemas de forma efectiva
C10	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo
C11	Traballar de xeito autónomo con iniciativa
C12	Traballar de xeito colaborativo
C13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C14	Comunicarse de xeito efectivo nun contorno de traballo
C15	Capacidade de organización e planificación do traballo propio
C16	Capacidade de integración en equipos multidisciplinares
C17	Recoñecemento da diversidade y multiculturalidade no ámbito do exercicio profesional
C18	Capacidade para a adaptación a cambios no contorno
C19	Capacidade de dirección e liderazgo
C20	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	1. Aplicar os coñecementos de carácter teórico e práctico adquiridos no Grao.	A1 A3 A4	B2 B4 B5
2. Describir, analizar e valorar a estrutura, funcións e servizos do centro no que se desenvolven as prácticas.	A2 A6	B1 B3 B7	C2 C6
3. Coñecer os sistemas e programas de xestión documental do centro.	A5	B6 B9	
4. Adquirir metodoloxías e hábitos de traballo, así como criterios de actuación en situacións reais.	A7		C15



5. Identificar, analizar e resolver os problemas dos usuarios reais.		B8	C4 C10 C13 C14 C17 C19 C20
6. Traballar en equipo, asumindo responsabilidades e participando na resolución de problemas.	A8		C7 C9 C16 C18

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Carácter e obxecto das prácticas
2. Pautas para a realización das prácticas	2.1. Requisitos 2.2. Normas de actuación nos centros de prácticas
3. Xestión das prácticas	3.1. Selección de centros por parte da Facultade 3.2. Presentación dos centros 3.3. Distribución dos alumnos 3.4. Tramitación de convenios por parte da Facultade
4. Pautas para a elaboración da memoria final de prácticas	4.1. Explicación teórica 4.2. Guión da memoria final de prácticas
5. Prácticas	5.1. Presentación dos alumnos 5.2. Desenvolvemento das prácticas
6. Presentación de informes e memorias	6.1. Informes dos titores dos centros 6.2. Memorias finais dos alumnos 6.3. Avaliación global

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20	4	38	42
Prácticas de laboratorio	A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19	0	250	250
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A8 B4 C6 C8	6	0	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao finalizar o período de prácticas, cada alumno presentará á titora académica unha memoria de prácticas na que describa de forma detallada as tarefas e actividades realizadas, así como unha reflexión sobre a formación recibida. Dita memoria elaborárase seguindo as pautas formais e de contido indicadas pola titora académica.



Prácticas de laboratorio	Prácticas desenvolvidas polos alumnos nas unidades de información coas que a UDC ten convenio. O traballo dos alumnos estará supervisado pola titora académica (profesora da Facultade) e o titor profesional (persoa responsable do centro).
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir a información fundamental referida ás prácticas: procedementos, deberes e dereitos do alumno, sistema de avaliación, titorización, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Resolver dúbidas, ampliar formulacións e suxerir distintas formas de traballo que axuden aos alumnos na súa aprendizaxe.
Traballos tutelados	Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos alumnos.
Prácticas de laboratorio	Este tipo de atención terá especial peso no traballo tutelado (memoria), para o cal a profesora irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propoñer as variacións ou modificacións necesarias. Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20	Memoria final de prácticas. Entregarase na data indicada pola profesora. Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	50
Prácticas de laboratorio	A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19	Informes do titor do centro no que se realicen as prácticas.	50

Observacións avaliación

<p>-A avaliación das prácticas queda regulada polo establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios: "El tutor de la entidad colaboradora realizará y remitirá al tutor académico de la universidad un informe final, a la conclusión de las prácticas, que recogerá el número de horas realizadas por el estudiante y en el cual podrá valorar los aspectos referidos, en su caso, tanto a las competencias genéricas como a las específicas, previstas en el correspondiente proyecto formativo". "El estudiante elaborará y hará entrega al tutor académico de la universidad una memoria final, a la conclusión de las prácticas". "El tutor académico de la universidad evaluará las prácticas desarrolladas de conformidad con los procedimientos que establezca la universidad, cumplimentando el correspondiente informe de valoración". -A elaboración e entrega da memoria axustarase ás pautas formais e de contido indicadas pola profesora, así como aos prazos establecidos. -Requisitos imprescindibles:--Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un alumno non supera o traballo tutelado non se lle avaliarán as prácticas e viceversa.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías